



PLAN DIXITAL

CEIP Plurilingüe A Florida

xuño 2022

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

6. Anexos

Introdución

1.1. Datos básicos do centro

Nome do centro	Ceip Plurilingüe A Florida
Código	36008866
Enderezo	Rúa Ricardo Santos, 16. Sanxenxo 36960
Correo electrónico	ceip.aflorida@edu.xunta.gal
Enderezo web	http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipaflorida/
Etapas Educativas	Infantil e Primaria
Nº de alumnado	216
Nº mestras e mestres	22

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- Característica socioeconómicas e culturais do contexto do centro (as podemos extraer do Proxecto Educativo).

Un dos aspectos que máis incide no estilo do centro e as metas que desde o mesmo se pretenden abarcar, é o contexto próximo no que estea enmarcado. O contexto xeográfico e o contexto socio-económico e cultural do alumnado e as súas familias, constitúen poderosas variables a ter en conta, pois determinan, en grande medida, todo o que o centro é e fai. O tipo de familias e o alumnado ó que atende, as problemáticas coas que se atopa, as oportunidades que se lle ofrecen, ou a perspectiva futura de seguir tendo alumnos, son entre outros, aspectos claramente condicionados polo contexto de referencia. Fronte a esas condicións que lle veñen dadas, o centro dispón así mesmo dunha serie de medios e recursos, tanto humanos como materiais que tamén van a condicionar a súa labor educativa.

Xeograficamente o CEIP Plurilingüe A Florida está situado na parte norte da ría de Pontevedra, no bisbarra do Salnés. Está situado no mesmo concello de Sanxenxo

A partires das diversas enquisas realizadas incluso para a elaboración do Plan de convivencia podemos indicar que:

- A condición socioeconómica dos seus habitantes é media, tendo a agricultura e o sector servizos sobre todo encamiñados á hostaleira o modelo económico-laboral fundamental que ocupa directamente as tres cuartas partes da poboación; sendo a hostaleira, a construción e profesións paralelas ás mesmas, os transportes e o comercio as principais actividades do sector.
- Predomina unha economía familiar de subsistencia agrícola para o consumo propio baseado nas colleitas e a viticultura como actividade paralela, cara a un ingreso en moitos casos extra.
- En moitas familias os avós seguen a desempeñar un papel importante na vida familiar. Por traballar os pais fóra ou por formar parte da unidade familiar
- No que fai á procedencia da poboación de Sanxenxo, pódese dicir que non é autóctona: un 70% son orixinarios desta bisbarra (das poboacións pertencentes ao concello de Sanxenxo ou concellos limítrofes como Meaño, Poio, Cambados, Ribadumia, etc.), Denótase unha poboación orixinaria doutras provincias ou doutras comunidades e incluso un o pequeno porcentaxe de inmigrantes de orixe suramericano ou magrebí.

- O nivel de estudos desta poboación é baixo en poboacións maiores, aínda que dende hai uns anos temos familias que cursaron estudos universitarios.
- Cada vez máis percíbese unha maior inquietude e valoración da cultura, a cal desexan e preocúpanse para que a adquiren os seus fillos/as. Destacamos a importante tradición no concello respecto ás asociacións culturais como o teatro, asociacións de música e danzas tradicionais na maioría das parroquias e á música coa Banda Municipal de Sanxenxo e a súa escola de música.
- A maioría dos nosos antigos alumnos/as xa non abandonan os seus estudos ao terminar a ESO, senón que continúan os mesmos facendo algún dos diversos Ciclos Formativos ou o Bacharelato, pois o seu desexo é cursar algunha carreira universitaria, como xa fixeron moitos antes.
- Sanxenxo é unha vila turística con edificacións típicas dunha vila costeira con praias adicadas ao turismo de verán e ao tempo rodeado por parroquias e aldeas onde se mesturan vivendas unifamiliares, unha vila con aldeas e casas dispersas, as parroquias como Bordóns, Carabuxeira, Padriñán, etc., conforman unha estrutura de concello, que dispón de centro de saúde, praza de abastos, centros comerciais e supermercados, biblioteca municipal, farmacias, xulgado de paz, entidades bancarias, panaderías, e librarías, etc.
- No campo asociativo, a poboación vai mellorando bastante, pois está sendo consciente das súas carencias e do importante que é reunirse para atopar solución aos seus problemas. Na actualidade, en Sanxenxo hai diversas asociacións como as asociacións de veciños de ámbito cultural (teatro, música, danza, etc.) e deportivo e de mulleres rurais.

O centro está adscrito a o IES de Sanxenxo, centro ao que vai destinado nun 95% o noso alumnado.

- Incardinación e contribución do PD ao Proxecto Educativo. Relación con outros Plans e proxectos do centro: traxectoria no ámbito das novas tecnoloxías, programas de innovación nos que participa,

Queremos destacar que levamos inscritos no CFR de Pontevedra en Plans de formación feitos a medida para as necesidades do centro nestes anos fixemos: Abalar, Robótica, Biblioteca escolar inclusiva, Edixgal, Radio escolar, Plurilingüismo en Infantil, Aula Maker, Resolución de conflitos ou Programa de Convivencia “Somos Mediadores”, Programación por Competencias, Innovación e Dinamización da Lingua (so un 9% son galegofalantes), Patios inclusivos, Educación Vial, Club de Ciencia, Club de letras, etc..

Este traballo en equipo implica unha mellora substancial nas programacións didácticas do centro e sobretudo na CD do alumnado. De feito todas as programacións levan apartados referidos ao proxecto dixital do curso e nas diversas áreas traballase a CD.

- Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23.

Dende hai dous cursos que decidimos levar a termo un proxecto de robótica e outro de ciencia na escola, creándose unha comisión no Claustro para deseñar actividades específicas para cada etapa, ciclo e curso. Os docentes de dita comisión que tamén conforman o equipo do Plan Dixital do centro son representantes de cada ciclo para deseñar as actividades.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Contextualización normativa en relación co Plan Dixital do noso centro:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022

- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

Descrición da organización e do proceso de elaboración do PD dentro do Equipo de Dinamización do Plan Dixital.

Liña de Traballo: Análise da competencia dixital do centro e elaboración do plan dixital.

Participantes:

- Romero Ramos, María Teresa.
- Agís Otero, María Dolores.
- Alvarellos Rozas, Ana.
- Carballido Balado, Noelia.
- Padín Solla, Pedro Alberto.
- Rodríguez Serrada, Jorge.
- Santos Garrido, Olga María.
- Villar Moreno, Roser.
- Rielo Galdo, Patricia.

1.- Iniciamos o proceso coa elaboración de enquisas ás familias, dende as titorías, partindo do uso das tecnoloxías na casa, do material informático e do valor e importancia do uso destes medios na casa.

2.- Unha vez recollidas as enquisas e despois de facer un estudo valorativo das mesmas chegamos ás diversas conclusións que xunto co seguinte apartado van engrosando as necesidades e dificultades na escola.

3.- Enquisas DAFO da Consellería, vía aplicación online, recompilación de informes e valoración dos resultados e posterior recollida de todo o obtido nun informe da escola.

4.- Deseño de obxectivos e propostas de mellora tendo en conta os puntos de partida e posible resultados finais a curto e longo prazo.

Para detalle ver táboas ao final deste documento.

Situación de partida

1.5. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- Descrición xeral acerca da infraestrutura dixital do centro: conectividade, infraestruturas de voz e de datos (conexións cableadas e sen fíos).

O noso centro leva en proceso dixitalización dende o 2016, iniciamos o proceso co Proxecto Abalar e aos dous anos inscribímonos no proxecto E-Dixgal e pasamos de ter unha velocidade de 6MB a liña con fibra dixital simétrica actual, iso implicou unha mellora das instalacións ao 100%, non solo na conexión RJ45 con dous a catro puntos en cada aula, non so no ámbito do cableado se non na rede WIFI que da servizo a todas as aulas ou departamentos. A instalación da telefonía IP fixo unha gran mellora conectándose os tres edificios entre si nos dous ámbitos.

- Equipamento dispoñible e identificación dos usos segundo as seguintes categorías:

	Equipo	Xustificación	Ano/Estado	Propiedade
Dirección	1 Ordenador	Secretaría	2015	Escola
	1 Ordenador	Xefatura	2015	Xunta
	1 Ordenador	Dirección	2015	Xunta
	1 Portátil	Dirección	2018	Escola
Sala de profesorado	3 Ordenadores	Consulta titorías	2015	Escola

Aulas dixitalizadas, proxecto E-Dixgal, equipos de xestión e administración, uso na biblioteca, equipos para uso nas salas de profesorado e departamentos, equipos ultraportátiles para aula móbil, aulas de informática e dotacións para proxectos específicos.

A día de hoxe cada titoría dispón dun portátil con EDI e proxector, aínda quedaron algo obsoletos pero seguen funcionando. Ademais cada aula dispón de dous PC como recuncho de traballo para o alumnado en todas as clases de primaria e unha aula TIC con 16 PC.

Na etapa de infantil dispoñemos dos mesmos servizos sen os PC como estación de traballo, solo os dos docentes.

O inventario dos equipos e do material está en proceso de elaboración, pero estamos a falar de 50-60 equipos informáticos, ademais os destinados as aulas E-Dixgal que supoñen unha media de 50 portátiles para o alumnado e uns 8 portátiles para os docentes.

Na sala de mestres hai tres PC para consulta do Claustro e en cada especialidade un equipo.

Todos intraconectados cun servidor NAS do centro para consulta e almacenamento dos docentes como para traballos do alumnado, tratándose dunha rede simple pero con contrasinais para cada equipo.

Nos departamentos dispoñemos de equipos para os especialistas ao igual que os destinados a xestión e dirección. Todo o centro está conectado a tres fotocopiadoras que recollen as diversas funcións de copia, impresión e escaneo.

Na biblioteca dispoñemos dun portátil para a mestra responsable da mesma e catro portátiles de consulta.

Na Aulamaker hai un portátil para a impresora e escáner 3D, dispoñemos doutra impresora 3D que está inservible polo de agora trátase dunha Voladd que foi dotada pola Xunta pero non ten cobertura co servidor da empresa. Dispoñemos de seis tablets para traballar cos seis robots Wedo 2.0. Dous ozobots e 12 mBots que se configuran cos portátiles do alumnado de 5º e 6º.

Dispoñemos de 5 portátiles para cesión ás familias pola fenda dixital entregados pola Xunta, pero dende o centro fomos recollendo os portátiles vellos do centro ou cedidos polas familias (14 equipos polo de agora) e unha vez formateados e instalada a maqueta Abalar libre están para servizo de prestamos a todo o alumnado ou familia que o precise.

- Servizos dixitais educativos: servizos corporativos ou non corporativos que facilitan a xestión docente (páxina web do centro, aula virtual, Agueiro, E-Dixgal, espazoAbalar, Abalarmóbil,...).

Dende a escola o emprego do Abalar móbil como única canle de comunicación é a mellor decisión tomada, pero debería ter unha función para xerar o listado de familias que non leron as mensaxes e logo poder facerlles un seguimento telefónico a fin de asegurarse de que chegue a información.

- <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipaflorida/>

- <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipaflorida/aulavirtual/>
- Blogues dos ciclos e dos departamentos:
 - <http://alinguadetodos.blogspot.com/>
 - <http://bibliotecaflorida.blogspot.com/>
 - <https://infantilaflorida.blogspot.com/>
 -

O proxecto E-Dixgal emprégase con éxito e con responsabilidade por parte do alumnado, dende os materiais educativos ata o servizo de atención ao alumnado e ao centro. Tamén emprégase como material de traballo libre para a consulta da aula virtual, pois hai profesorado que reforza e apoia con material propio deseñado por eles para uso do alumnado.

- Xestión do mantemento do equipamento do centro.

O número de equipos de o seu mantemento e actualización e a gran dificultade á que nos presentamos, non dispoñemos de mestres formados neste eido e somos poucos os que levamos o mantemento por iso dependemos dunha empresa externa para facelo que implica un custo elevado de gasto destinado para elo. A mellora dos equipos non é factible, cada equipo novo supón un custo de 500€ como mínimo e debido ao número de equipos no centro suporía unha partida moi ampla.

Solicitamos a dotación dun mestre TIC para o centro que poña en marcha e leve ao día toda a dotación informática en tempo semanal e mellora e actualización de material.

- Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC
- Plan Tic do centro (Iniciación a informática educativa dende infantil)
- Proxecto EdixGal
- Proxecto de Robótica Educativa en Infantil e Primaria
- Proxecto de Floriciencia (actividades secuenciadas de Infantil e primaria con aspectos Tics)
- Clube de Ciencia
- Proxecto Biblioteca
- Solicitado o Proxecto de Polos Creativos
- Traballos por proxectos en todos os cursos.
- Radio escolar

1.6. Fontes empregadas para a análise DAFO

Iniciase co TEST DAFO da Consellería e a partir do seu análise posterior.

- Data de inicio de test: 08/02/2022
- Data na que se completa o test: 07/03/2022

Resumo das áreas do informe SELFIE de cada etapa educativa na seguinte táboa:

Áreas	Grupos	Primaria
A -Liderado	Equipo Direct.	4
	Profesorado	3.8
	Alumnado	
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	5
	Profesorado	3.3
	Alumnado	3.9
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4.3
	Profesorado	3.9
	Alumnado	4.5
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	5
	Profesorado	4.3
	Alumnado	
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4.6
	Profesorado	3.6
	Alumnado	
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	4.2
	Profesorado	3.6
	Alumnado	4.2
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	4.4
	Profesorado	2.9
	Alumnado	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	5
	Profesorado	3.8
	Alumnado	4.7

2.2.1. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	12	16	75
PROVISIONAL	3	1	100
INTERINO	1	3	100
SUBSTITUTO	2	2	100
DESPRAZADO	0	0	0

2.2.2. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
87,9	Integrador/a (B1)	76,5	Integrador/a (B1)

2.2.3. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF.	71	Integrador/a (B1)	68,2	Integrador/a (B1)
PRI.	102,8	Experto/a (B2)	77	Integrador/a (B1)

2.2.4. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	-	-
A2	7	38,9 %
B1	5	27,8%
B2	3	16,7%
C1	1	5,6%
C2	2	11,1%
TOTAL	18	100 %

Dos 18 docentes do centro que participaron no testCDD, obtemos os seguintes resultados relevantes

- 7 teñen un nivel de competencia dixital Explorador/a (A2), é dicir, o 38,9%.
- 5 teñen un nivel de competencia dixital Integrador/a (B1), é dicir, o 27,8%.

1.7. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
C A T E G O R Í A S	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ul style="list-style-type: none"> - Recursos do centro e conectividade á rede. - Vontade do profesorado por empregar as Tics no proceso de aprendizaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> - Moitos dos equipos están obsoletos. - Equipamentos escasos e caros
	PERSONAL DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> - Novas metodoloxías de traballo na aula. 	<ul style="list-style-type: none"> - Falta de tempo no horario persoal. - Faltan mestres específicos e tempo para levar o espazo e o material TIC
	PERSONAL NON DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> - Moi boa predisposición por parte do persoal non docente na mellora e na colaboración neste eido. 	
	ALUMNADO	<ul style="list-style-type: none"> - Implicación e motivación do alumnado durante o traballo dixital, gamificación, programación. - Motivación do alumnado e difusión do traballo do alumnado ao exterior, sacar da aula á sociedade. 	<ul style="list-style-type: none"> - Medo ao dixital, protección de datos, seguridade, pegada dixital.
	FAMILIAS	<ul style="list-style-type: none"> - Moi boa predisposición por parte do persoal non docente na mellora e na colaboración neste eido. - Colaboración das familias nas tarefas educativas. 	<ul style="list-style-type: none"> - Sensibilización das familias sobre o traballo e acceso ao dixital e a pegada dixital. - Fenda dixital e necesidade
	OFERTA	<ul style="list-style-type: none"> - Liñas e proxectos de mellora que se poden aplicar e impulsar no centro. - Metodoloxías activas e innovadoras. - Práctica docente con recursos TICs en todas as etapas e cursos. 	<ul style="list-style-type: none"> - Necesidade de formación en alfabetización informática.
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<ul style="list-style-type: none"> - Oferta educativa, espazo maker, recursos e tecnoloxía a disposición do alumnado e familias, colaboración entre escola, familias e alumnado. - Cursos de formación e cesión de equipos dende a escola para axudar ás familias que o precisen. 	<ul style="list-style-type: none"> - Dependencia do traballo dixital centralizado en unha persoa especialista na temática.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
C A T E G O R Í A S	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	- Dotar ao profesorado de sesións no horario a aqueles que si contribúan na mellora das tics e na creación de actividades para o centro.	- Lexislación para un Claustro estable e falta persoal cualificado e formado en TICS.
	LEXISLACIÓN	- Propoñer á administración melloras para o centro e outros centros con propostas educativas e de organización interna - Aproveitar a nova lexislación para mellorar a dotación e o equipamento do centro.	- Burocracia en constante cambio e excesiva.
	CONTORNA	- Motivación do alumnado e difusión do traballo do alumnado ao exterior, sacar a aula á sociedade.	- Medo ao dixital, protección de datos, seguridade, pegada dixital...
	ANPA	- Concursos e promoción de actividades e eventos que fomentan o traballo dixital.	- Fenda dixital que imposibilita o acceso ao dixital para determinadas familias.
	OUTRAS ENTIDADES	- Posibilidade de colaborar con centros e organizacións.	- Dificultades dalgunhas familias pola fenda tecnolóxica. - Necesidade de equipos e conectividade.

1. BREVE ANÁLISE DAS DEBILIDADES

- Moitos dos equipos están obsoletos.
- Equipamentos escasos e caros
- Dependencia do traballo dixital centralizado en unha persoa especialista na temática.
- Sensibilización das familias sobre o traballo e acceso ao dixital e a pegada dixital.
- Fenda dixital e necesidade.
- Medo ao dixital, protección de datos, seguridade, pegada dixital.
- Falta de tempo no horario persoal.
- Faltan mestres específicos e tempo para levar o espazo e o material TIC

2. BREVE ANÁLISE DAS FORTALEZAS

- Recursos do centro e conectividade á rede.
- Vontade do profesorado por empregar as Tics no proceso de aprendizaxe.
- Oferta educativa, espazos maker, recursos e tecnoloxía a disposición do alumnado e familias, colaboración entre escola, familias e alumnado.
- Cursos de formación e cesión de equipos dende a escola para axudar ás familias que o precisen.
- Moi boa predisposición por parte do persoal non docente na mellora e na colaboración neste eido.
- Colaboración das familias nas tarefas educativas.
- Implicación e motivación do alumnado durante o traballo dixital, gamificación, programación.
- Motivación do alumnado e difusión do traballo do alumnado ao exterior, sacar da aula á sociedade.
- Novas metodoloxías de traballo na aula.
- Liñas e proxectos de mellora que se poden aplicar e impulsar no centro.
- Metodoloxías activas e innovadoras.
- Práctica docente con recursos TICs en todas as etapas e cursos.

3. BREVE ANÁLISE DAS OPORTUNIDADES

- Concursos e promoción de actividades e eventos que fomentan o traballo dixital.
- Dotar aos profesorado de sesións no horario a aqueles que si contribúan na mellora das tics e na creación de actividades para o centro.
- Posibilidade de colaborar con centros e organizacións.

4. BREVE ANÁLISE DAS AMEZAS.

- Fenda dixital que imposibilita o acceso ao dixital para determinadas familias.
- Claustro pouco estable e falta persoal cualificado e formado en TICS.
- Dificultades dalgunhas familias pola fenda tecnolóxica.
- Falta de tempo nos horarios oficiais para organización interna dos proxectos dinámicos.

Plan de Acción

Realizado o Selfie e o Test CDD, así como o análise DAFO (Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades), creamos o Plan de Acción, no cal incorporaremos os obxectivos prioritarios; os indicadores, é dicir, o valor que queremos acadar para cada obxectivo; e as accións, concretándoas para a consecución dos citados obxectivos.


Os obxectivos prioritarios han de ser específicos, medibles, alcanzables, relevantes e temporalizados. Cos indicadores engadimos os valores que queremos acadar para dar os obxectivos como conseguidos. Coas accións concretamos os feitos para a consecución dos obxectivos marcados.

O Plan de Acción ten en conta os recursos materiais e persoais cos que contamos, tendo en conta que este catálogo está en constante evolución. Por iso, engadimos tamén as necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas.

1.8. Obxectivos, indicadores e accións

As áreas prioritarias son as instrumentais como as matemáticas e as linguas, pero tendo en conta que traballamos as competencias debemos establecer que as CMCT, CCL, CAA, CD principalmente.

Os nosos obxectivos están contextualizados ás áreas de mellora segundo o marco DigCompOrg.



Clica na imaxe

A partir dos obxectivos do **marco DigCompOrg** son:

- Fomentar a autorreflexión e a autoavaliación dentro das organizacións educativas, a medida que están reforzando progresivamente o seu compromiso coa aprendizaxe e a pedagogía dixital,
- Permitir aos responsables deseñar, implementar e avaliar estratexias e recursos educativos para a integración e uso efectivo das tecnoloxías dixitais na aprendizaxe.

Deseñamos os nosos obxectivos e propostas de mellora.

Obxectivos:

1. Crear a Comisión TICs de formación e asesoramento interno e designar un/unha coordinador /a TIC con dispoñibilidade de 4 horas semanais.
2. Inventario e etiquetado do equipo informático do centro, renovar equipos obsoletos que implique unha mellora do equipamento TIC.
3. Concienciar, educar e asesorar as familias sobre as TIC na escola e na casa, mellorando a dotación dixital dende a escola.
4. Deseñar rúbricas de avaliación con ferramentas dixitais para avaliar a CD e o resto de Competencias na Aula Virtual
5. Mellora do uso das ferramentas institucionais do alumnado: Aula Virtual, Abalar, EdixGal, Webex, Blogues, Servidor Nas, ...

Ata onde queremos chegar para cada un dos obxectivos e con que elementos. Esta información reportarana os indicadores e os seus valores de partida e de chegada.

1. Existe unha Comisión TICs, Nº de horas dispoñibles para a/o coordinador/a e para os ciclos.
2. Inventario e etiquetado, equipos obsoletos para renovar, ordenadores, EDI e tabletas
3. Charlas informativas no inicio do curso e seguimento posterior
4. Existencia das rúbricas propostas e instauralas no proceso de aprendizaxe.
5. Nº de visitas e actividade nas diferentes ferramentas.

Determinamos as accións para conseguir cada obxectivo, reflexamos os responsables das mesmas, acordándose unha temporización e os recursos necesarios. **Para cada obxectivo deseñamos unha táboa** que recolle esta información. Na mesma táboa faise o seguimento de cada obxectivo na fase de avaliación do Plan (consultar o documento coas recomendacións para a elaboración dos obxectivos).

[Ver táboas obxectivos](#)

1.9. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

- Necesidades de mellora de infraestruturas tecnolóxicas, equipamento e servizos dixitais educativos, sendo preciso **establecer en cada caso a finalidade** para a que se precisan ditas melloras.
- Ter presente na redacción deste apartado as indicacións establecidas no documento proporcionado por AMTEGA para a elaboración do Plan Dixital.

Este proxecto supón poñer en valor o traballo en equipo, a experimentación, a realización de experiencias e o traballo manipulativo favorece o interese do alumnado polo aprendizaxe. Esta metodoloxía supón unha mellora do fomento das competencias clave e profesionais (ámbito STEM) e as competencias dixitais do alumnado, do profesorado e incluso tal e como o deseñamos na escola das familias.

As necesidades de mellora fundamentais céntranse principalmente no material e no tempo, no referente ao material polo elevado custo do mesmo e a obsolescencia ou falta deste no centro, e en canto a o tempo fai referencia a inclusión por parte do equipo directivo de sesións de apoio en cada curso para cubrir as necesidades de traballo a fin de levar a termo este proxecto.

En canto ó material, precisamos:

Equipamento ou recurso	Xustificación
Creación dun aula STEM	Poder aglutinar todos os materiais e obradoiros da escola que polo de agora ó non haber unha propia está todo disperso.
Mobiliario adaptado: armarios, mesas, cadeiras...	Poder traballar os distintos proxectos do centro. As que dispoñemos foron doadas por un bar.
Renovación dos ordenadores na aula de informática	Seis equipos que están obsoletos e son do ano 2008, algúns xa non compensa ampliar nin memoria nin disco sólido pois a placa non soporta os novos compoñentes e a memoria non pode ampliarse. Con estes seis PC a maiores novos dispoñemos de 16 equipos actualizados para traballar co entorno Windows, de 1º a 4º. En cuarto empregar alternativamente o sistema operativo Windows e Linux cos equipos vellos que o centro dispón nos portátiles que foron reacondicionados coa plataforma Abalar libre, estes equipos reacondicionados empregáronse para empréstito as familias na época do COVID.
Tabletas	Traballar a robótica, edición de vídeo, códigos Qr, etc. Dende a aula Maker e deseñadas polo Equipo Tics da escola dispoñemos de activades secuenciadas en dificultade cos distintos robots da escola (Beebot, Ozobot, Wedo 2.0, mBot), ditas actividades no 3º ciclo están medio cubertas cos portátiles E-dixgal pero o problema presentase nas aulas de 1º a 4º que son sete aulas desdobradas e non dispoñemos de tabletas suficientes, temos seis e son compartidas entre Infantil e primaria. Sería axeitado polo menos dispor de dúas tabletas por aula.
Renovación EDI das aulas de 1º a 4º con taboleiros interactivos	As pizarras do 1º e 2º ciclo, un total de seis aulas están obsoletas son Promethean do ano 2008, sería moi interesante e de gran axuda a nivel pedagóxico para desenrolar o noso traballo dispor de material interactivo actualizado debido ao uso que se lle está dando nas aulas.
Equipos de robótica para 1º e 2º ciclo	Temos algún m-Bot pero sería moi interesante aumentar a dotación.

Máquina de fabricación textil ou de coser, máquinas cricut ou troqueladoras de tea, máquinas de facer chapas.	Empregar nos diferentes proxectos do centro.
Material de fotografía e vídeo: trípodes, gimbals, estabilizador para cámaras, cromas e a súa iluminación.	Contribuír ao traballo de montaxes educativas para os proxectos de aula ou de centro.
Armarios de carga	Cargar e gardar os portátiles e tabletas nas aulas.
Modificación das liñas de enchufe nas aulas	Trasladar os puntos de rede dos recunchos TIC.
Impresora e escáner 3D, gafas de realidade virtual	Traballar nas aulas as diversas competencias, sobre todo CSC e CMCT.
Pistolas de aire quente ou termofusible, lixadora, caladora, taladro e brocas, ploter de cortar, plastificadora	Obradoiro de marquetería.
Kits e-textil	Montar as maletas de electricidade.
Xogos de construción tipo lego ou lupo	Empregar nos cursos de primaria.

1.10. Táboas para cada obxectivo do Plan de Acción

"Área/s de mellora": Desenvolvemento profesional continuo						
1. OBXECTIVO :	Asignar un horario específico de formación á comisión TIC.				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo Directivo e Claustro				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Creación da asignación horaria.					
Valor de partida	0 horas no curso 2021-2022					
Valor previsto e data	4 horas dispoñibles en setembro do 2022			Remate curso 2022-2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Creación dunha programación anual do traballo a realizar encadrada no Plan Dixital.	Coordinador Tic Xefa de Estudos	Setembro 2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Organización horaria do centro tendo en conta dita necesidade.	Coordinador Tic Xefa de Estudos	Setembro 2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

AO1.4: Proporcionar unha sesión semanal para as mestras e mestres que teñan unha programación específica en TICs, con apoios dentro da aula.	Coordinador TIC/ Docentes/ Xefatura de estudos	setembro 2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.5: Uso específico da aula TIC facendo un seguimento da programación.	Coordinador Tic Docentes Alumnado	setembro 2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.6: Creación da comisión de formación e asesoramento en TICs no centro.	Coordinador Tic Xefa de Estudos Claustro	Decembro 2023	Un docente de cada ciclo para ter un asesor/a en cada un e facer efectiva a formación.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.7: Dotación dunha sesión de xuntanza ao mes para coordinación.	Grupo de traballo	Setembro 2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": Infraestrutura e equipos						
2. OBXECTIVO :	Inventariar o equipamento informático do centro				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador TIC/ Equipo Directivo e Claustro				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Inventario dos equipos e o seu estado.					
Valor de partida	0% de equipos inventariados ou reacondicionados.					
Valor previsto e data	Inventario e etiquetado rematado en xuño de 2023: 100%.			Remate curso 2024-2025		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1: Realizar un inventario de todo o material informático.	Coordinador Tic Equipo docente (Titores e especialistas) Secretario do centro	Setembro 2023	Táboa de inventario		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Etiquetar os equipos coa nomenclatura establecida (Aula, nº equipo, IP, etc.)	Coordinador Tic Equipo docente (Titores e especialistas)	Setembro 2023	Etiquetadora ou impresora de etiquetas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.7: Instalar en cada aula dous ordenadores para o alumnado.	Coordinador TIC	Outubro 2023	Dous ordenadores ao final da aula para traballos do alumnado.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.8: Instalar en cada aula un ordenador para a/o mestra/e.	Coordinador TIC	Outubro 2023	Un portátil para cada docente conectado ao E.D.I.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": PEDAGOXÍA, APOIO E RECURSOS						
3. OBXECTIVO :		Formar as familias sobre as TIC na escola e na casa.			Acadado	
RESPONSABLE:		Coordinador do Plan Dixital.			Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO		Cantidade de charlas informativas no inicio do curso e seguimento posterior				
Valor de partida		Non hai charlas.				
Valor previsto e data		Charlas precisas.		Final de curso		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO3.1: Organizar unha charla sobre as TICS nas aulas para as familias no inicio do curso	Coordinador Tic e titora ou titor da aula	Setembro de 2023	Organizar na charla do inicio de curso		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Formatear e instalar a maqueta abalar nos equipos do centro para empréstito	Coordinador TIC	outubro 2023	15 portátiles da escola e 5 os de cesión da Xunta		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Enviar enquisa ás familias na reunión inicio de curso. Analizar resultados enquisas e facer listado	Coordinador TIC Equipo docente (Titores e especialistas)	outubro 2023	Enquisa na ficha da reunión do inicio do curso		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.4: Ceder e asesorar equipos ás familias con fenda dixital.	Coordinador TIC Titoras e titores	outubro 2023	Ordenadores con maqueta abalar para préstamo do centro. (15 equipos antigos do centro para todos e 5 da Xunta para 3º e 4º)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

AO3.5: Crear a actividade coas familias de inicio do curso co charla sobre tecnoloxías da información.	Coordinador Tic Xefa de Estudos Equipo docente (Titores e especialistas)	Setembro 2023	Charla inicio do curso		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.6: Asesorar ás familias para familiarizarse coas ferramentas institucionais do alumnado.	Coordinador Tic Xefa de Estudos Equipo docente (Titores e especialistas)	Ao longo do curso			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.7: Crear un calendario de reunións ou formacións.	Coordinador Tic Xefa de Estudos Equipo docente (Titores e especialistas)	Ao longo do curso			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": Prácticas de avaliación						
4. OBXECTIVO :	Deseñar rúbricas de avaliación con ferramentas dixitais.				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador Tic/ Grupo de traballo docente/ Xefa de Estudos				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Existencia das rúbricas propostas e instauralas no proceso de aprendizaxe					
Valor de partida	0 rúbricas deseñadas na aula virtual					
Valor previsto e data	6 rúbricas (2 por ciclo)			Xuño do 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO4.1: Crear un grupo interdisciplinar para deseñar ás rúbricas (1 membro de cada ciclo)	Coordinador Tic Grupo de traballo Xefa de Estudos	Decembro 2022	Convocatoria	Observación do proceso	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Concretar as tarefas conxuntas e interdisciplinares que sexan de carácter avaliable coa rúbrica	Coordinador Tic Grupo de traballo Xefa de Estudos	Abril 2023	Actas de reunións Rúbricas	Observación do proceso	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.3: Revisión das rúbricas na Comisión Pedagóxica e posterior claustro.	Coordinador Tic Grupo de traballo Xefa de Estudos	Abril 2023	Comisión Pedagóxica e Claustro	Observación do proceso	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.3: Publicar na Aula Virtual as rúbricas revisadas e aprobadas	Coordinador Tic Grupo de traballo Xefa de Estudos	Xuño do 2023	Publicación rúbricas	Observación do proceso	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": Competencias dixitais do alumnado							
5. OBXECTIVO :		Mellorar o uso das ferramentas institucionais do profesorado.				Acadado	
RESPONSABLE:		Coordinador Tic/Claustro de mestras e mestres/Xefa de Estudos				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO		Nº de formacións realizadas.					
Valor de partida		0 formacións.					
Valor previsto e data		Formacións precisas.			Final de curso 2022/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER							
DESCRIPCIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
AO5.1: Deseño de rúbricas e táboas de rexistro para valorar o proceso.	Seminario PFPP do Plan Dixital	novembro do 2022	Táboas de observación directa	Observación do proceso mediante táboas de observación directa por curso	Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO5.2: Uso e control do mesmo por parte do alumnado e profesorado das ferramentas institucionais.	Claustro	Xuño do 2023	Táboas de observación directa	Observación do proceso mediante táboas de observación directa por curso	Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO5.3: Elaboración dun banco de recursos para uso compartido na aula virtual e no servidor NAS do centro	Claustro	Xuño do 2023	Táboas de observación directa	Observación do proceso	Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO5.4: Revisar o uso e recepción do abalar por parte dos docentes coas familias.	Claustro	Xuño do 2023	Táboas de observación directa	Observación do proceso mediante táboas de observación directa por curso	Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

Avaliación do plan

Indicar o procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, indicando:

- No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

Cada unha das accións propostas neste plan serán avaliadas como mínimo unha vez ao trimestre. Con este fin, establécense uns indicadores específicos que axudarán a valorar a idoneidade das medidas adoptadas e a establecer os reaxustes necesarios.

- No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

Ao final de curso, dacordo cos datos do proceso de seguimento e avaliación, levarase a cabo unha avaliación final na que se elaborará un informe que recollerá os logros dos obxectivos, os aspectos negativos, os positivos e, de ser o caso, as pertinentes propostas de mellora.

Difusión do plan

A estratexia para a difusión do plan dixital entre toda a comunidade educativa e tendo en conta o Plan de Comunicación do Centro, baséase nas canles oficiais establecidas pola Xunta de Galicia, como o a **páxina web da escola** e o **Abalar móbil**, a partir deste punto de partida e a maiores empregamos as redes sociais para dar publicidade a todo o que se fai no centro, a escola pública traballa dabondo e debemos darlle moita máis publicidade a todo o traballo feito.

- Web da escola: <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipaflorida/>
- Blogue Biblioteca: <http://bibliotecaflorida.blogspot.com/>
- Canles redes sociais da escola:
 - <https://www.facebook.com/profile.php?id=100011857957631>
 - Instagram: [ceip_a_florida](#)
 - Diversos blogues de ciclos ou departamentos

Anexos

- Marco DigCompOrg.

